

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 17 de febreiro de 2023  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día dezasete de febreiro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Dna. Iria Lamas Salgueiro*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32259.-        ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de febreiro de 2023.

2.32260.-        APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A “RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023” (Expte.2023004609)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023, e fiscalizadas as bases polo Servizo de Intervención, así como informe favorable de Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023*”, que figuran co CSV: PVSYLK4XPKSUPA30.



3.32261.-

APROBACIÓN DAS II ADDENDAS AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: MONDARIZ BALNEARIO, ARBO, CALDAS DE REIS, MEIS, MORAÑA, A GUARDA, PORRIÑO, TOMIÑO, AS NEVES, CATOIRA, FORCAREI, DOZÓN, SILLEDA, FORNELOS DE MONTES, CRECENTE, A ESTRADA, VILA DE CRUCES, BARRO, MOS, OIA, CAMBADOS, CUNTIS, PONTE CALDELAS, O GROVE, CERDEDO-COTOBADE, SOUTOMAIOR, MEAÑO, TUI, A CAÑIZA, COVELO, PONTEAREAS, PAZOS DE BORBÉN, VILABOA, POIO, A LAMA, MONDARIZ, BUEU, VALGA, CAMPO LAMEIRO, SANXENXO, SALVATERRA DE MIÑO, REDONDELA, BAIONA, A ENTIDADE LOCAL MENOR DE CAMPOSANCOS, A ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO, A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE, A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR, A MANCOMUNIDADE DO SALNÉS E A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO BAIXO MIÑO, PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTENIMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (Expte. 2022004117)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “*convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.*” (Expte. 2020036145), cuxa vixencia se estendeu ata o 1 de abril de 2022.

Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219).

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 24 de novembro de 2022 (modificado posteriormente por acordo nº 24.32387 de data 9 de decembro de 2022), prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219) cuxa duración se estende ata o 10 de marzo de 2024, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.



Cuarto.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2022, foi aprobada a II Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2024, data de finalización da segunda prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219).

Quinto.- Para a formalización da devandita II addenda ao convenio de colaboración as Entidades Locais interesadas deben proceder a súa aprobación.

Sexto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións da II addenda ao convenio, das seguintes Entidades Locais: Mondariz Balneario, Arbo, Caldas de Reis, Meis, Moraña, A Guarda, Porriño, Tomiño, As Neves, Catoira, Forcarei, Dozón, Silleda, Fornelos de Montes, Crecente, A Estrada, Vila de Cruces, Barro, Mos, Oia, Cambados, Cuntis, Ponte Caldelas, O Grove, Cerdedo-Cotobade, Soutomaior, Meaño, Tui, A Cañiza, Covelo, Pontearreas, Pazos de Borbén, Vilaboia, Poio, A Lama, Mondariz, Bueu, Valga, Campo Lameiro, Sanxenxo, Salvaterra de Miño, Redondela, Baiona, a Entidade Local Menor Camposancos, a Entidade Local Menor de Chenlo, a Entidade Local Menor de Bembrive, a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, a Mancomunidade do Salnés e a Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño.

Sétimo.- A aprobación das II addendas ao convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2020029219.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 14 de febreiro de 2023.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes II addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as II addendas aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: Concello de Mondariz Balneario, Concello de Arbo, Concello de Caldas de Reis, Concello de Meis, Concello de Moraña, Concello de A Guarda, Concello de Porriño, Concello de Tomiño, Concello de As Neves, Concello de Catoira, Concello de Forcarei, Concello de Dozón, Concello de Silleda, Concello de Fornelos de Montes, Concello de Crecente, Concello de A Estrada, Concello de Vila de Cruces, Concello de Barro, Concello de Mos, Concello de Oia, Concello de Cambados, Concello de Cuntis, Concello de Ponte Caldelas, Concello de O Grove, Concello de Cerdedo-Cotobade, Concello de Soutomaior, Concello de Meaño, Concello de Tui, Concello de A Cañiza, Concello de Covelo, Concello de Pontearreas, Concello de Pazos de Borbén, Concello de Vilaboia, Concello de Poio, Concello de A Lama, Concello de Mondariz, Concello de Bueu, Concello de Valga, Concello de Campo Lameiro e Concello de Sanxenxo, Concello de Salvaterra de Miño, Concello de Redondela, Concello de



Baiona, a Entidade Local Menor Camposancos, a Entidade Local Menor de Chenlo, a Entidade Local Menor Bembrive, a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, a Mancomunidade do Salnés e a Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Segundo.- Aprobar as liquidacións, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, desde o 11 de marzo de 2023 ata o 10 de marzo de 2024, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

Nº	Entidade Local	Poboación	Pagamento por Entidade
1	Concello de Mondariz Balneario	680	1.000,00 €
2	Concello de Arbo	2.622	1.000,00 €
3	Concello de Caldas de Reis	9.678	2.500,00 €
4	Concello de Meis	4.735	1.500,00 €
5	Concello de Moraña	4.133	1.500,00 €
6	Concello de A Guarda	10.013	3.500,00 €
7	Concello do Porriño	20.408	5.500,00 €
8	Concello do Tomiño	13.779	3.500,00 €
9	Concello de As Neves	3.746	1.500,00 €
10	Concello de Catoira	3.295	1.500,00 €
11	Concello de Forcarei	3.194	1.500,00 €
12	Concello de Dozón	1.028	1.000,00 €
13	Concello de Silleda	8.860	2.500,00 €
14	Concello de Fornelos de Montes	1.621	1.000,00 €
15	Concello de Crecente	1.937	1.000,00 €
16	Concello de A Estrada	20.106	5.500,00 €
17	Concello de Vila de Cruces	5.063	2.500,00 €
18	Concello de Barro	3.637	1.500,00 €
19	Concello de Mos	15.199	4.500,00 €
20	Concello de Oia	3.080	1.500,00 €
21	Concello de Cambados	13.671	3.500,00 €
22	Concello de Cuntis	4.592	1.500,00 €
23	Concello de Ponte Caldelas	5.575	2.500,00 €
24	Concello de O Grove	10.809	3.500,00 €
25	Concello de Cerdedo-Cotobade	5.697	2.500,00 €



26	Concello de Soutomaior	7.543	2.500,00 €
27	Concello de Meaño	5.292	2.500,00 €
28	Concello de Tui	17.375	4.500,00 €
29	Concello de A Cañiza	5.115	2.500,00 €
30	Concello de O Covelo	2.480	1.000,00 €
31	Concello de Pontearreas	23.049	5.500,00 €
32	Concello de pazos de Borbén	2.998	1.000,00 €
33	Concello de Vilaboa	6.004	2.500,00 €
34	Concello de Poio	17.276	4.500,00 €
35	Concello de A Lama	2.499	1.000,00 €
36	Concello de Mondariz	4.448	1.500,00 €
37	Concello de Bueu	11.978	3.500,00 €
38	Concello de Valga	5.752	2.500,00 €
39	Concello de Campo Lameiro	1.721	1.000,00 €
40	Concello de Sanxenxo	17.760	4.500,00 €
41	Concello Salvaterra de Miño	10.079	3.500,00 €
42	Concello Redondela	29.055	5.500,00 €
43	Concello de Baiona	12.349	3.500,00 €
44	Entidade Local Menor de Camposancos	-	-
45	Entidade Local Menor de Chenlo	-	-
46	Entidade Local Menor de Bembrive	-	-
47	Mancomunidade de Concellos do Val Miñor	-	-
48	Mancomunidade do Salnés	-	-
49	Mancomunidade Intermunicipal Baixo Miño	-	-

Cuarto.- Facultar á presidenta para a formalización das mencionadas II addendas ao convenio mediante a súa sinatura.

4.32262.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CERDEDO -COTOBADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 7102 SERRAPIO – PORTELA, PQ. 1+950 A PQ 3+150” (Expte. 2022075966)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 7102 Serrapio - Portela, que transcorre polos Concello de Cerdedo – Cotobadee A Estrada. Trátase dunha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable.

O presente proxecto afecta a un tramo intermedio da mesma, dende o p.q. 1+950 ata o p.q. 3+150, treito que se localiza entre os lugares de Vilarchán en Fondós.

As obras que comprende o presente proxecto están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-7102, ó longo duns 1.200 metros, co fin de mellorar a funcionalidade e a seguridade viaria da estrada. Con este fin procederase a ampliar a sección transversal da vía e a corrixir o trazado de diversas curvas incrementando o seu raio, mantendo a rasante actual da estrada.

A sección transversal da vía acadará os 7 metros de ancho, con carrís de 3,00 metros e beiravías de 0,50 metros.

O resumo do orzamento das obras proxectadas - Proxecto CSV WGJ8AFEJE6PROJ2M - é o seguinte:

Execución material	303.207,99€
Presuposto base de licitación	360.817,51 €
Presuposto base de licitación con IVE	436.589,19 €

3. Constan no expediente os seguintes informes técnicos de 11 de xaneiro de 2023:
  - supervisión favorable do proxecto
  - xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre o grado de prioridade das obras
  
4. Por acordo do Pleno da Corporación municipal, adoptado en sesión de 29 de decembro de 2022, o Concello aprobou o convenio – Código de validación 7L72S6XMX6CWSD3NYLCLEDEP2 - obxecto deste informe-proposta. Así mesmo o Pleno Municipal adquiriu o compromiso de financiación da achega municipal con fondos propios (orzamento municipal 2022).

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Bases de execución do orzamento provincial



## 2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

## 3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.



#### 4ª Financiamento.

A distribución do financiamento das obras conforme á cláusula terceira é a seguinte:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	436.589,19 €	100
TOTAL OBRAS	436.589,19 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Cerdedo - Cotobade:

Organismo	Achega	%
Concello de Cerdedo - Cotobade	1.146,96 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	1.146,96 €	100

A Deputación financiará a súa achega, 436.589,19 € (100%), con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02/

O importe do xustiprezo das expropiacións financiarase na súa totalidade polo Concello con cargo a fondos propios.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

#### 5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.





Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-7102 SERRAPIO-PORTELA, P.Q. 1+950 AO P.Q. 3+150”.*

#### INTERVEÑEN

*María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*  
*Jorge Cubela López, alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.*

*Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.*

#### MANIFESTAN

*I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*



II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 7102 Serrapio-Portela, que transcorre polo Concello de Cerdedo-Cotobade.*

VI.- *A E.P. 7102 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular e sen beiravías, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.*

*Debido a esta problemática, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-7102 SERRAPIO-PORTELA, P.Q.*

*1+950 AO P.Q. 3+150" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de seguranza viaria mobilidade. O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Cerdedo-Cotobade, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora da funcionalidade e a seguranza viaria da estrada entre os PP.QQ. 1+950 e 3+150.*

*Con este fin procederase a ampliar o ancho da sección transversal da vía e a corrixir o trazado de diversas curvas incrementando o seu radio, mantendo a rasante actual da estrada. Para elo construíranse muros de contención de terras, cunetas para a mellora do drenaxe da estrada e renovarase o firme de todo o tramo da estrada.*

*A obra complétase coa correspondente sinalización horizontal e vertical da vía, coa disposición de peitorís e barreiras de seguridade e coa reposición dos accesos ós predios afectados.*



VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

### CLÁUSULAS

*Primeira.- Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a execución do proxecto de "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-7102 SERRAPIO-PORTELA, P.Q. 1+950 AO P.Q. 3+150".

O proxecto establece a mellora da funcionalidade e a seguranza viaria da estrada entre os PP.QQ. 1+950 e 3+150, ampliando raios de curvas, corrixindo o trazado, pavimentando a totalidade do tramo, mellorando o ancho da estrada e polo tanto a seguranza viaria dos usuarios.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións que teñen por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

*Segunda.- Importe do convenio.*

O importe o que se refire a presente actuación ascende a trescentos sesenta mil oitocentos dezasete euros con cincuenta e un céntimos (360.817,51 €), máis setenta e cinco mil setecentos setenta e un euros con sesenta e oito céntimos (75.771,68 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de catrocentos trinta e seis mil cincocentos oitenta e nove euros con dezanove céntimos (436.589,19 €).

*Terceira.- Financiamento.*

Ao non seren afectados servizos municipais, as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	436.589,19 €	100
TOTAL OBRAS	436.589,19 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Cerdedo-Cotobade:

Organismo	Achega	%
Concello de Cerdedo-Cotobade	1.146,96 €	100
TOTAL EXPROPLACIÓNS	1.146,96 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Cerdedo-Cotobade será de 1.146,96 € (o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará con cargo a fondos propios.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación á formalización do Convenio, en todo caso no primeiro trimestre do exercicio 2023.



*Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.*

*De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.*

*Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.*

*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.*

*Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.*

*Quinta.- Obrigas do Concello.*

*O Concello de Cerdedo-Cotobade obrígase a:*

- 1) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto, a maiores das expropiacións previstas. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 2) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
  - Treito antigo de 138 metros lineais situado no pq. 1+250 (marxe dereita) da estrada provincial E.P. 7102 Serrapio – A Portela.*
  - Treito antigo de 125 metros lineais situado no pq. 1+800 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 7102 Serrapio – A Portela.**
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 1 e 2.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 5) Aboar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*



*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.*

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

*Sétima.- Compensación de débedas*

*O Concello de Cerdedo-Cotobade faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.*

*Oitava.- Comisión de seguimento e control.*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.*

*Novena.- Vixencia do convenio:*

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.*

*Décima.- Resolución.*

*Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.*

*Undécima.- Normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:*

- *Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*



- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.
- E demais normativa de obrigado cumprimento

*Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,                      Polo Concello de Cerdedo-Cotobade,*  
*María del Carmen Silva Rego,    Jorge Cubela López,*  
*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,*  
*Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade* e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao de Cooperación cos Concellos.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

5.32263.-                      CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS EN EIDOS DE ARRIBA SELA. FASE I”.- ANUALIDADE 2023 – (Expte. 2023005268)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional



Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- En data 25/01/2023 por rexistro WEB2023003810 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de ARBO na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 108.250,30 euros, con destino ao financiamento do investimento “PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS EN EIDOS DE ARRIBA SELA. FASE I”, cun orzamento que importa 108.250,30 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2023	108.250,30	108.250,30	0,00	0,00
TOTAL	108.250,30	108.250,30	0,00	0,00

- O concello solicita expresamente que, parte do importe que lle correspondeu no reparto asignado a Liña 2 que importa 31.724,64 euros e parte do importe asignado a liña 3 (en concreto 241,83 euros), sexan destinados para financiar actuacións encadradas na Liña 1-Investmentos, consonte ao establecido nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-23 que permiten aos concellos empregar as cantidades que non utilicen das liñas 2 e 3 para facer investimentos (liña 1).
- Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre o que se pretende actuar, cesións precisas, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade (Patrimonio), aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).





- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 27/01/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 09/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Arbo*, CIF: P3600100F a cantidade de 108.250,30 euros con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de mellora de viais en Eidos de Arriba Sela. Fase I*” (Expte.2023005268) cun orzamento que importa 108.250,30 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Axualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2023	108.250,30	108.250,30	0,00	0,00
TOTAL	108.250,30	108.250,30	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade (Patrimonio) por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 127/01/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vila de Cruces* CIF P3605900D, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1–investimentos (*anualidade 2023*), a cantidade de 314.505,05€, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da capa de rodaxe de camiños en Señorín, Cirela e outros*” (Expte.2023005099) cun orzamento polo importe de 314.505,05€, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	314.505,05	314.505,05	0,00	0,00
TOTAL	314.505,05	314.505,05	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas (PO960 lugares de Señorín e Patoriza, e PO905 rúa O Pino) e do Servizo de Infraestruturas agrarias da Consellería do Medio Rural (para os camiños de Cirela (Gres), Fondevila e Mestres (Bascuas) e Santomé), sendo imprescindible que as remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Vila de Cruces* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vila de Cruces*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.32276.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOIA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA “ACHEGA MUNICIPAL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE VILABOIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO. CONCELLO DE VILABOIA”.  
(Expte. 2023006519)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 01/02/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Vilaboa* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 150.794,25 euros, con destino ao financiamento da “ACHEGA MUNICIPAL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO. CONCELLO DE VILABOA”, cun orzamento por importe de 502.647,50 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	502.647,50	150.794,25	351.853,25	0,00
TOTAL	502.647,50	150.794,25	351.853,25	0,00



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, precisando que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico, dirixir, executar e recibir as obras. Emporiso, a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase ás normas do proxecto que se co-financia coa achega a cargo do Plan Concellos 2022-2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.





## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do financiamento dos servizos de titularidade municipal afectados



no proxecto de data 18/01/2022 e de supervisión do Proxecto de data 02/02/2022 emitidos polo Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e da xefa do servizo de Cooperación, de data 03/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 10/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilaboa* CIF P3605800F a cantidade de 150.794,25 €, con destino ao financiamento da “ACHEGA MUNICIPAL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO. CONCELLO DE VILABOA”” (Expte. 2023006519), cun orzamento polo importe de 502.647,50 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	502.647,50	150.794,25	351.853,25	0,00
TOTAL	502.647,50	150.794,25	351.853,25	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de VILABOA deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



19.32277.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN Á SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTO DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA (Expte.2021018908)

Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 12 de febreiro de 2021 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos (eixe 1) ou execución de obras (eixe 2) de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

2.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 6 de agosto de 2021 adxudicoulle ao Concello de Pazos de Borbén unha subvención por un importe máximo de 50.000,00 euros (eixe 1/redacción de proxectos). Esta subvención financiábase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.9420.762.10.2020 (BOPPO NÚM.164 de 26 de agosto de 2021)

3.- O *Concello de Pazos de Borbén*, o 19 de decembro de 2022 registrou na sede da Deputación de Pontevedra unha instancia na que renuncia á subvención.

Consideracións técnicas e legais:

1ª Estas subvencións réxense polo disposto nas propias bases da convocatoria e supletoriamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro (base vixésima).

Na Base 25- Normas xerais reguladoras das subvencións- das de execución do orzamento en vigor recollese así mesmo o réxime xurídico sinalando que está constituído por:

- a. *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por R. d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- b. *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- c. *Lexislación básica do Estado reguladora da Administración local (artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL e artigos 40,189.2 e 214.2 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL).*
- d. *Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, artigos 87 a 89 e R.d. 1755/87, de 23 de decembro, e disposicións concordantes).*
- e. *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPPO”.*



2ª O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas regula a desistencia das solicitudes e a renuncia dos dereitos por parte dos interesados. Nos puntos 1,3 e 4 preceptúa que:

*“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar os seus dereitos.*

*Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.*

*A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.”*

Segundo a certificación remitida polo Concello e que consta no expediente, a subvención foi solicitada e aprobada polo alcalde do Concello (Resolución 200 de 8/04/2021). Así mesmo a solicitude de renuncia está asinada polo alcalde.

3ª O artigo 63.2 do regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado por R. d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), establece que se acordará por resolución tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia o dereito ou a imposibilidade material sobrevida.

Non concorren neste suposto as circunstancias previstas no punto 3 do antedito artigo, isto é, non se desestimaron solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non se estimaran por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada una delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma. Por este motivo non se tramita a concesión a ningún outro interesado.

O órgano competente para a resolución do procedemento é a Xunta de Goberno por ser o órgano que concedeu a subvención.

Por todo o exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade, logo da fiscalización da Intervención Xeral:

Primeiro.- Aceptar a renuncia do *Concello de Pazos de Borbén* á subvención por importe máximo de 50.000 € concedida pola Xunta de Goberno en sesión de 6 de agosto de 2021 con destino á redacción do *“Proxecto de Recuperación e Acondicionamento Peonil na Contorna da Igrexa-Adro-Campo da Feira en Moscoso”*.

Segundo.- Anular a disposición de crédito correspondente e declarar concluso o procedemento.



20.32278.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN JUVENIL SARAIVA DO MAR DO CONCELLO DE SANXENXO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “CERTAME DE PINTURA”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte. 2022017343)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Juvenil Saraiva do Mar*, con CIF: G-36.324.523, do *Concello de Sanxenxo*, por un importe de 1.047,46 €, para a “*Certame de pintura*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 09/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

21.32279.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN MÁXICA DO BAIXOMIÑO DO CONCELLO DE TOMIÑO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “FESTIVAL “BAIONA PINTA MAXIA”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte. 2022019046)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Maxica do Baixomiño*, con CIF: G-09.942.327, do *Concello de Tomiño*, por un importe de 1.715,21 €, para o “*Festival “Baiona Pinta Maxia*”, con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 05/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

22.32280.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN GALICLOWN DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “FESTIVAL GALICLOWN”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte.20022019774)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Galiclown*, con CIF: G-27.876.143, do *Concello de Vigo*, por un importe de 1.112,92 €, para o “*Festival Galiclown*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 05/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



23.32281.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN JUVENIL SARAIVA DO MAR Á SUBVENCIÓN PARA “V FESTA DO DEPORTE EN FAMILIA”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022. (Expte. 2022020669)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor de *Asociación Juvenil Saraiva do Mar*, con NIF: G36324523, do *Concello de Sanxenxo*, por un importe de 550,67 €, para “*V Festa do deporte en familia*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023007472 con data 09/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida pola súa imposibilidade de xustificación, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

24.32282.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA FUNDACIÓN LOIS PEÑA NOVO, DO CONCELLO DE VIGO, PARA A “XXVI EDICIÓN DOS PREMIOS LOIS PEÑA NOVO” NO CASTELO DE SOUTOMAIOR, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIAS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 (Expte. 2022021971)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 01/07/2022 unha subvención a favor da *Fundación Lois Peña Novo* do *Concello de Vigo*, con CIF: G-36307155, por un importe de 2.493,56 €, para a “*XXVI Edición dos premios Lois Peña Novo no Castelo de Soutomaior 30/6*” con cargo á aplicación 23/334.3340.489.05.2022, e recibido escrito WEB 2023006872, con data 07/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

25.32283.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE TUI (Expte. 2021052389)

Dada conta que con data de rexistro 19/10/2021 (rex. núm. 2021024396) a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia traslada a esta Deputación expediente de responsabilidade patrimonial seguido a instancia de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. José Lago Lago en representación de D<sup>a</sup>. Cristina Ferreiro González, por danos en vehículo producidos o día 26/03/2021, a consecuencia, segundo manifesta, do impacto contra unha pedra existente no asfalto da estrada E.P. 3001, no Concello de Tui, e que foi cuantificada economicamente en 774,33 €.



Resultando.- Que con datas 23/11/2021 e 14/01/2022, e de conformidade co establecido no artigo 141.1 c) da Lei 40/2015, relativo ó deber de colaboración entre Administracións Públicas, solicitouse á Policía Local de Tui o informe elaborado por mor do accidente, así como fotografías, de terse realizado.

Resultando.- Que, ante a ausencia de resposta por parte da Policía Local, e á vista do escrito que obra no expediente, no que manifestan ter recibido a chamada e avisado ó 112 como única intervención pola súa parte, en chamada telefónica o día 08/02/2022, constatan non ter intervido no accidente por non ser da súa competencia e que, de existir atestado en relación co mesmo, este será da Garda Civil de Tráfico do Porriño.

Resultando.- Que con data 11/02/2022, e de conformidade co establecido no xa citado artigo 141.1 c) da Lei 40/2015, solicitouse á Garda Civil de Tráfico de O Porriño, o informe elaborado en relación co accidente, contestando na data 28/02/2022 o que sigue: *“Le informo que de ese hecho no constan diligencias en esta unidad, ni que se tuviera conocimiento del mismo”*.

Resultando.- Que con data 01/03/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, en relación co 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, que o emitiu na data 24/05/2022, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-3001, no carril esquerdo do p.q. 0+030. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.*

*SEGUNDO.- O aviso do accidente foi comunicado telefónicamente á Brigada responsable da zona. A Brigada do Servizo de Infraestruturas personouse no lugar e comprobou os feitos.*

*TERCEIRO.- O firme estaba agrietado e saltou un dos trozos estaba deixando un oco. A brigada procedeu á reparación da zona con aglomerado.*





*A localización do bache coincide no trazado da rede de saneamento, que discorre polo centro do carril a uns 4 m de profundidade. Normalmente estas gabias tan profundas son difíciles de compactar e co paso do tempo e do tráfico o terreo vaise afundindo. Aínda que de maneira xeral o estado do firme presenta grietas, éste non se atopa tan estropeado como nas fotos do lugar do siniestro. Ese deterioro tan acusado no punto onde se produciu o siniestro débese á existencia da gabia coas tubaxes de saneamento e ó paso do tráfico por encima dela.*



*CUARTO.- Non había sinalización advertindo do perigo con anterioridade ó siniestro, por non ter constancia do mesmo neste servizo. Non hai constancia de siniestros similares no mesmo punto en datas anteriores e posteriores.*

*QUINTO.- Na actualidade a zona está en perfecto estado, debido á execución das obras do plan Móvese, que inclúen unha actuación no punto do accidente.*




*M<sup>a</sup>. Elena Pérez Alonso  
Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz  
Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais*



Resultando.- Que con data 09/03/2022, en conversa telefónica, a Policía Local de Tui manifesta ter realizado fotografías do lugar no día referido, as cales foron remitidas o 10/03/2022:



Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022002769, de data 12/04/2021, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por ser necesaria, nese intre procedimental, a solicitude dunha serie de informes para a resolución do mesmo, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con datas 26/05/2022 e 28/07/2022, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de Tui un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, solicitando o expediente electrónico completo na data 03/06/2022, ó efecto de poder realizar as alegacións pertinentes, e remitíndose o mesmo na data 07/06/2022.

Resultando.- Que con data 04/08/2022, o *Concello de Tui* presenta escrito de alegacións co seguinte contido:

*(...) Parece que non consta xustificada a relación causal entre o firme defectuoso e o dano, toda vez que non existe acreditación algunha da dinámica do sinistro, nin testemuñal nin outra proba, indicando a reclamante á Policía Local en chamada telefónica que se percatou dos danos no vehículo ó chegar ós colexios de Guillarei, polo que eses danos se puideron producir, ben con ocasión do seu paso pola estrada provincial ou ben en calquera outro lugar.*

*Así mesmo, cómpre indicar que se a Deputación considera que as conducións existentes baixo o firme da E.P. 3001 puideron ter algunha relación co sinistro, procedería notificar como interesado ao Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, visto o Decreto 26/2013, do 7 de febreiro, polo que se aproba a súa constitución.*

*Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González*\_\_\_\_\_

Resultando.- Que xunto coas alegacións presentadas polo Concello de Tui, xúntase informe do técnico municipal, D. Fabián Barreiro González, de data 03/08/2022:

- *A fisuración existente no pavimento do vial non se concentra nun único punto ou trazado. O vial está fisurado en 4 zonas dispostas lonxitudinalmente, coincidentes coas bandas de rodadura dos coches.*
- *A fisuración existente parece mais derivado da fatiga do firme causada polas repeticións de carga do tráfico.*
- *A orixe destas fisuras e descamacións tamén parecen derivadas da vida útil do pavimento que está chegando ó seu fin.*
- *Non se observa que as fisuras se concentren na liña teórica do saneamento, xa que como xa indico anteriormente as fisuras están tamén no centro do vial e no carril contrario.*



- *A continuación móstrase unha reportaxe fotográfica da zona.*



*Arqueta reflexada no informe da Deputación Provincial Como se pode observar a figuración non esta sobre o trazado do saneamento e concéntrase no outro carril.*

*Non se aprecia ningún tipo de afundimento derivado da compactación das gabias.*



*Fisuras/Agretamentos no carril contrario o traza do saneamento.*





*Fisuras/ Agretamentos no vial en toda a súa extensión.*



*Escamacións no pavimento no carril contrario a traza de saneamento, totalmente fisurado.*





*Fisuras/ Agretamentos no vial sobre as zonas de rodadura dos vehículos*

- *Fotos extraídas do informe de data 24/05/2022, do Servizo de Infraestruturas desta Deputación de Pontevedra.*



*Na foto extraída do informe de data 24/05/2022, do Servizo de Infraestruturas desta Deputación. Se pode observar que a fisuración concéntrase na banda de rodadura do vial, non se aprecia afundimento do mesmo polo que se pode descartar que esta fisuración sexa derivada do saneamento, parece que a fatiga e o fin da vida útil do pavimento sexa a orixe, apréciase na foto a existencia de fisuras na parte central do vial.*



**CONCLUSIÓN:**

*Á vista das imaxes non se pode afirmar que a causa das fisuras e escamación do pavimento asfáltico que produciu o sinistro sexan a consecuencia da existencia da gabia coas tubaxes de saneamento.*

*Coma se pode observar na reportaxe fotográfica as gretas e escamacións na zona lindante coa zona do sinistro, recentemente pavimentada, polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe a orixe das fochancas, gretas e escamacións existentes débense o envellecemento do pavimento asfáltico (fin da súa vida útil).*

*O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente, a expensas de calquera outro mellor fundamentado (e sen prexuízo de que se formule en calquera outro informe o requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.)*

Resultando.- Que con datas 20/09/2022 e 21/09/2022, o Consorcio para a Xestión do ciclo urbano da Auga do Louro e o Concello de Tui, respectivamente, remiten informe da responsable da oficina técnica de FCC AQUALIA, de data 11/07/2022, no que se recolle o seguinte:

*En contestación a la solicitud de informe con número de registro de entrada 2022-ERC-186, relativo al expediente de reclamación patrimonial incoado por la Diputación de Pontevedra a instancia de Doña Cristina Ferreiro González, que reclama daños en vehículo producidos el día 26/03/2021 a consecuencia de una piedra en el asfalto de la carretera E.P.3001, debemos manifestar lo que sigue:*

*En relación con el estado actual del firme de la carretera EP-3001, significar que, tras la inspección visual efectuada por un técnico de esta gestora, se observa que recientemente se ha llevado a cabo la renovación de un tramo de la capa de rodadura en ambos carriles de circulación, que incluye la zona del siniestro acaecido. Además, en la zona donde no se realizó el asfaltado se siguen percibiendo agrietamientos del firme en todo el ancho del vial. Lo anteriormente expuesto queda acreditado mediante las siguientes fotografías:*



*Zona del siniestro recientemente asfaltada.*



*Evidencias del mal estado de la carretera EP-3001.*



*Cabe destacar que en la imagen de abril de 2019 obtenida del visor Street View de Google Maps, cuya copia se adjunta, se puede apreciar que el deterioro de la capa de rodadura es generalizado en todo el ancho de la calzada. Toda vez que la red de saneamiento se ubica en el margen izquierdo, se concluye que la causa del siniestro en cuestión no guarda relación con el colector municipal de saneamiento.*



*Sin perjuicio de lo anterior, el día 23/06/2022 esta gestora verificó el estado del colector en la zona del siniestro mediante una video inspección con cámara, inspección que confirmó que la red no presenta anomalías reseñables.*

*Significar, por último, que no existe constancia en nuestros archivos de ningún aviso o actuación llevada a cabo por esta gestora relativa a la red de saneamiento en la zona que nos ocupa. Teniendo en cuenta que, como se ha indicado, la calzada en el lugar del siniestro fue reparada y asfaltada por la Diputación de Pontevedra, titular del vial, debe concluirse que el siniestro acaecido el 26/03/2021 no es imputable a la red municipal de saneamiento.*

Resultando.- Que con data 22/09/2022, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación para que, á vista do informado polo técnico municipal do Concello de Tui na data 03/08/2022, e do informado pola responsable da Oficina Técnica de FCC Aqualia na data 11/07/2022, ratificasen ou rectificasen o seu informe de data 24/05/2022, remitindo o mesmo na data 16/11/2022 co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- O firme presenta un estado de deterioro xeneralizado, por agotamento estrutural. Con normalidade a existencia de gaviás de servizos (neste caso saneamento) instalados na calzada contribúen a empeorar as condicións e a durabilidade do mesmo, debido ás deformacións dos materiais que compoñen a infraestrutura producidos polo paso do tráfico.*

*Aínda así, coas comprobacións feitas “in situ” non se pode establecer a relación causal.*

*SEGUNDO.- Según o informe do Concello de Tui, “non existe acreditación algunha da dinámica do sinistro, nin testemuñal nin outra proba, indicando á reclamante á policía local en chamada telefónica que se percatou dos danos no vehículo ó chegar os colexios de Guillarei, polo que eses danos se puideron producir, ben con ocasión do seu paso pola estrada provincial ou ben en calquera outro lugar.”*





*Dito informe municipal é compatible coa existencia de danos na calzada, comprobados pola brigada da Deputación ó chegar ó lugar referenciado, e que posteriormente se procederon a arranxar, non quedando acreditado que o sinistro se produxese en dito lugar.*

*M<sup>a</sup>. Elena Pérez Alonso*

*Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz*

*Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais \_\_\_\_\_*

Resultando.- Que con data 02/01/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas da Deputación acerca do tempo que tardou a brigada en chegar ó lugar do sinistro para proceder á limpeza e arranxo tras a chamada ou aviso, remitindo o mesmo na data 19/01/2023, co seguinte contido:

*“O tempo aproximado que tardou a brigada en chegar ao lugar do sinistro foi de 40 minutos”.*

Resultando.- Que con data 12/01/2023, solicitouse informe á Garda Civil de Tráfico de O Porriño, acerca de se tiveron coñecemento dalgún accidente nesa vía a consecuencia do agretamento do asfalto, contestando na data 30/01/2023 o seguinte:

*“En contestación a su escrito de referencia, le informo que consultado el registro de siniestros viales en esta unidad, no existen accidentes en la carretera E.P. 3001, en los días anteriores y posteriores al 26/03/2021”.*

Resultando.- Que con data 12/01/2023, solicitouse información á Policía Local de Tui, acerca de se tiveron coñecemento dalgún outro accidente nesa vía a consecuencia do agretamento do asfalto, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido resposta ó solicitado.

Resultando.- Que con data 26/01/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas da Deputación acerca da última revisión periódica da vía realizada antes do suposto accidente, contestando na data 02/02/2023 o seguinte:

*“En referencia á data da última revisión periódica da vía antes de producirse o sinistro, cabe sinalar que non se atopan rexistradas documentalmente ditas revisións, polo que non se pode asegurar o día exacto da última revisión. A periodicidade da realización das mesmas é semanal”.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV, do Título Preliminar da Lei 40/2015, referido á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á demora na emisión de informes e na contestación ós emprazamentos realizados.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- O aviso do accidente foi comunicado telefonicamente á Brigada responsable da zona que acudiu ó lugar e comprobou os feitos.
- O firme estaba agrietado e saltou un dos trozos deixando un oco que a brigada procedeu á reparar con aglomerado.
- A localización do bache coincide no trazado da rede de saneamento, que discorre polo centro do carril a uns 4 m de profundidade.
- Normalmente estas gabias tan profundas son difíciles de compactar e co paso do tempo e do tráfico o terreo vaíse afundindo.
- Ese deterioro no punto onde se produciu o sinistro débese á existencia da gabia coas tubaxes de saneamento e ó paso do tráfico por encima dela.
- Non había sinalización advertindo do perigo con anterioridade ó siniestro por non ter constancia do mesmo neste servizo.
- Segundo o alegado polo concello de Tui, non consta xustificada a relación causal entre o firme defectuoso e o dano, toda vez que non existe acreditación algunha da dinámica do sinistro, nin testemuñal nin outra proba, indicando a reclamante á Policía Local en chamada telefónica que se percatou dos danos no vehículo ó chegar ós colexios de Guillarei, polo que eses danos se puideron producir, ben con ocasión do seu paso pola estrada provincial ou ben en calquera outro lugar.
- Relátase no informe do técnico municipal do Concello de Tui, Fabián Barreiro González, que a fisuración existente parece derivada da fatiga do firme causada polas repeticións de carga do tráfico, o que introduce un matiz de dúbida ou indeterminación na causa dos danos.
- O técnico municipal do Concello de Tui relata, asemade, que a súa orixe parece derivar da vida útil do pavimento que está chegando ó seu fin, o que supón que a vía permanece en perfecto estado de transitabilidade, se ben que con pequenas deficiencias que en ningún caso provocaron outros percances.
- Manifesta, do mesmo xeito, o Servizo de Infraestruturas e Vías provincias da Deputación, no seu informe complementario de data 16/11/2022, que o firme presenta un estado de deterioro xeneralizado, por agotamento estrutural.
- A existencia de gavias de servizos (neste caso saneamento) instalados na calzada contribúen a empeorar as condicións e a durabilidade do mesmo debido ás deformacións dos materiais que componen a infraestrutura producidos polo paso do tráfico.
- Así e todo, coas comprobacións feitas “in situ”, non se pode establecer a relación causal.



- O informe municipal é compatible coa existencia de danos na calzada, comprobados pola brigada da Deputación ó chegar ó lugar referenciado, e que posteriormente se procederon a arranxar, non quedando acreditado que o sinistro se produxese en dito lugar.
- Non hai constancia de accidentes acaecidos por esta causa.
- A revisión periódica da vía realízase semanalmente pola brigada da Deputación.

Considerando.- Que a reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, non constando atestado, nin dilixencias policiais de intervención no accidente, por canto nin principio de proba ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica do relatado e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal os informes do Servizo de Infraestruturas constitúense coma elemento de xuízo idóneo, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual:

*“...Corresponde al actor y al demandado reconviniente la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvencción.”*

E a teor do artigo 218 do citado texto:

*“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso.”*

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que as concretas circunstancias que amosa o presente caso non permiten establecer o substrato fáctico preciso para imputar a responsabilidade á Administración, posto que a reclamante non facilitou ningún elemento de proba que sustente que os danos se produciron nese lugar xa que, segundo o seu relato, percatouse dos mesmos ó chegar ós colexios de Guillarei, polo que estes se puideron producir en calquera outro lugar.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada tardou en chegar ao lugar do sinistro 40 minutos, polo que de nada se



pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación.

26.32284.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2022 (Expte. 2022035600)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados.



Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no cuarto trimestre de 2022*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o cuarto trimestre do ano 2022*” que se achegan.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Quedar enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no cuarto trimestre de 2022*” (CSV: LLHU9QT8K25RQ33S) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o cuarto trimestre do ano 2022*” (CSV: GNTE3IK4MMJJRPZJ), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

27.32285.- AUTORIZACIÓN DA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO DE INFORMACIÓN PREVIA PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER-EELL-2020-005815 E FEDER-EELL-2020-005816 DO IDAE. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020 (Expte. 2023008926)

A Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia presentou ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os seguintes proxectos:

Nome	Denominación do proxecto IDAE	Data de resolución da concesión	Concellos nos que se desenvolve
ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII	FEDER-EELL-2020-005815	30/05/2022	Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén y Arbo
ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII	FEDER-EELL-2020-005816	22/04/2022	Meis, Meaño, Vilanova de Arousa

Considerando o disposto no art. 134 da Lei de Contratos do Sector Público que establece que os órganos de contratación poderán publicar un anuncio de información previa ó fin de dar a coñecer as características esenciais dos contratos de obras, subministros ou servizos suxeitos a regulación harmonizada que teñan proxectado adxudicar nos 12 meses seguintes.



Tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo:

- 31500000 Material de iluminación e lámpadas eléctricas
- 45316000-Traballos de instalación de sistemas de alumado e sinalización
- 45316100-Instalación de equipo de alumado exterior.

O contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración.

Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración, polo que considerando o seu valor estimado, atopámonos ante un contrato suxeito a regulación harmonizada e por conseguinte a publicación do referido anuncio previo permitirá reducir os prazos para a presentación de proposicións no conseguinte procedemento de licitación sendo este de 15 días.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Autorizar a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer o contrato proxectado para a subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815 e FEDER-EELL-2020-005816 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020, que comprende as seguintes actuacións:

Nome	Denominación do proxecto IDAE	Concellos nos que se desenvolve	Orzamento máximo (IVE non incluído)	Orzamento máximo (IVE incluído)
ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII	FEDER-EELL-2020-005815	Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo	571.048,87 €	690.969,13 €
ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII	FEDER-EELL-2020-005816	Meis, Meaño e Vilanova de Arousa	259.931,70 €	314.517,36 €
TOTAIS			830.980,57 €	1.005.486,49 €



Os códigos CPV correspondentes ao contrato para os dous lotes son os seguintes:

Códigos CPV
31500000 Material de iluminación e lámpadas eléctricas
45316000-Traballos de instalación de sistemas de alumado e sinalización
45316100-Instalación de equipo de alumado exterior.

Dito anuncio será publicado no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra. O período cuberto polo anuncio de información previa será dun máximo de 12 meses a contar desde a data de envío á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

28.32286.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DA EMPRESA GRAFO, S.A. NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS.  
(Expte.2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.



Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A Mesa de Contratación, na reunión celebrada día 9 de febreiro de 2023, procedeu á avaliación da única candidatura presentada desde o último acordo do órgano de contratación, e que corresponde coa empresa Grafo, S.A. (NIF A48203996). A Mesa de Contratación na citada reunión acordou seleccionar á empresa Grafo, S.A. (NIF A48203996) por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:
  - Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2 Servicios de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
  - Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servicios de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.  
Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.
3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.  
A data de comezo indicárase no documento de formalización e estará en vigor ata o 31 de decembro de 2023.  
Establécese a posibilidade de dúas prórroga cunha duración dun ano.





29.32287.- SELECCIÓN DE CANDIDATOS AO CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, PARA A “REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E AMPLIACIÓN DO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA PARA USO DESTINADO AO MUSEO DE PONTEVEDRA, E APERTURA DA SEGUNDA FASE DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS”. (Expte. 2022068178)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de decembro do 2022, aprobou o expediente para a adxudicación do *Concurso de proxectos, a nivel de anteprojecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*, xunto coas bases administrativas e técnicas reguladoras do procedemento. No mesmo acordo, dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de solicitudes de participación (fase 1) de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con datas 19 e 21 de decembro de 2022, respectivamente. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación as bases de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Con data 19 de xaneiro do 2023, procedeuse á apertura electrónica e cualificación dos sobres A, correspondentes ás solicitudes de participación, documentación administrativa e documentación acreditativa dos criterios de selección, presentados polos candidatos, resultando admitidos os seguintes:

	Candidatos concurso	NIF
1	ARANGUREN GALLEGOS ARQUITECTOS, S.L.P.	B83582718
2	ESTUDIO BAROZZI VEIGA, S.L.P.	B63956296
3	J. M. CARVALHO ARAÚJO, ARQUITECTURA E DESIGN, S.A.	503773263
4	DE LA PUERTA CAMPO ARQUITECTOS ASOCIADOS, S.L.P.	B87920807
5	ARQUITECTURA ENGUIÑA & LASSO DE LA VEGA, S.L.P.	B84984996
6	GARCÉS- DE SETA-BONET ARQUITECTES	B65643066
7	KAAN ARCHITECTEN B.V.	491711063
8	KENGO KUMA & ASSOCIATES	50384257700036
9	NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS SLP	B82410572
10	TUÑÓN Y ALBORNOZ ARQUITECTOS S.L.P.	B87809893
11	UTE AMANDA LEVETE ARCHITECTS- AYBAR MATEOS SLP	
	50% AMANDA LEVETE ARCHITECTS LIMITED	9150574
	50% AYBAR MATEOS SLP	B84958867



12	UTE BIG-NAOS-PROSKENE	
	40% BJARKE INGELS GROUP ARCHITECTURE SPAIN	B88236070
	40% NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	B70058573
	20% PROSKENE, S.L.P.	B82805516
13	UTE DCA-CARLOS SEOANE	
	50% David Chipperfield Architects Santiago de Compostela SLU	B10705697
	30% Carlos SeoaneSL	B15666357
	20% David Chipperfield Architects-Gesellschaft von Architekten mbH	DE196586739
14	UTE CESAR PORTELA-CELSO LÓPEZ-JORGE SALGADO-MAGDALENA PORTELA	
	25% CESAR PORTELA, S.L.P.	B36441095
	25% CELSO LÓPEZ MARTÍN	
	25% JORGE SALGADO CORTIZAS	
	25% MAGDALENA-AROUSA PORTELA CAMPOS	
15	UTE CREUSECARRASCO-SERGISON BATES	
	50% CREUSECARRASCO arquitectos, S.L.P.	B70019310
	50% SERGISON BATES architects L.L.P.	GB691027342
16	UTE CRUZ Y ORTIZ-ULARGUI	
	60% CRUZ Y ORTIZ, ARQUITECTOS	B41768177
	40% Ulargui y Asociados Arquitectos SLP	B86660982
17	UTE FRADE LAMELA	
	50% Frade Arquitectos S.L.	B84504091
	50% Estudio Lamela S.L.P.	B80103732
18	UTE GVG-BARDAJÍ	
	50% GALAR – VÉLAZ – GIL SLP	B71304802
	50% Enrique Bardají y Asociados, S.L.	B82492687
19	UTE LINAZASORO-SÁNCHEZ-GRIJALBA	
	25% José Ignacio Linazasoro Rodríguez	15153841S
	25% Ricardo Sánchez González	50867016D
	25% Julio Grijalba Bengoetxea	12358222T
	25% Alberto Grijalba Bengoetxea	09281643Q
20	UTE MANGADO-BLASCO-QUINTÁNS	
	40% MANGADO Y ASOCIADOS, S.L.	B31489073
	40% BLASCO ESPARZA PAMPLONA S.LL.	B31855356
	20% Carlos Quintáns Eiras	33.256.074
21	UTE PAREDES PEDROSA-ABALO-ALONSO	
	50% Paredes Pedrosa Arquitectos SLP	B82853136
	25% Elizabeth Abalo Díaz	33287036X
	25% Gonzalo Alonso Núñez	32648360K



22	UTE SANTA CLARA CRBG	
	25% José Manuel Casabella López	33739549K
	25% José Luis Martínez Raído	76412777S
	25% Esteban Bonell Costa	37604257Q
	25% José María Gil Guitart	39010489M
23	UTE SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA	
	Snøhetta Oslo AS	995135485
	Alfonso Penela Fernández	35996893F

Con data 23 de decembro do 2022, os servizos dependentes do órgano de contratación trasladaron a documentación aos servizos técnicos do Museo de Pontevedra para que emitiran o correspondente informe de valoración, ao obxecto de seleccionar aos cinco candidatos que pasarán á seguinte fase, de acordo cos criterios obxectivos de selección establecidos na cláusula 12 das bases do concurso. Dito informe emítese con data 14 de febreiro do 2023 (CSV: 05ZH2CS1I2T99O6Y).

Tendo en conta o artigo 185 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal o órgano de contratación poderá limitar o número de participantes no concurso de proxectos. Cando este fóra o caso, o concurso constará de dúas fases: na primeira o órgano de contratación seleccionará aos participantes de entre os candidatos que houberen presentado solicitude de participación, mediante a aplicación dos criterios a que se refire o apartado seguinte; e na segunda o órgano de contratación convidará simultaneamente e por escrito aos candidatos seleccionados para que presenten as súas propostas de proxectos ante o órgano de contratación no prazo que proceda conforme ao sinalado no artigo 136. No caso de que se decida limitar o número de participantes, a selección destes deberá efectuarse aplicando criterios obxectivos, claros e non discriminatorios, que deberán figurar nas bases do concurso e no anuncio de licitación, sen que o acceso á participación poida limitarse a un determinado ámbito territorial, ou a persoas físicas con exclusión das xurídicas ou á inversa. En calquera caso, ao fixar o número de candidatos convidados a participar, deberá terse en conta a necesidade de garantir unha competencia real.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o informe de valoración das solicitudes de participación presentadas na fase 1, de selección de candidatos, do *Concurso de proxectos, a nivel de anteprojecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*, CSV: 05ZH2CS1I2T99O6Y, emitido con data 14 de febreiro do 2023 polos servizos técnicos do Museo



de Pontevedra, de acordo cos criterios obxectivos de selección establecidos na cláusula 12 das bases administrativas reguladoras do concurso, do que resultan as seguintes puntuacións, e candidatos admitidos ordenados por orde decrecente:

Orde	Candidatos admitidos	Criterio 1	Criterio 2	Criterio 3	Criterio 4	Puntuación
1º	NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS SLP	40	25	20	15	100
2º	KENGO KUMA & ASSOCIATES	40	24,5	20	15	99,5
3º	UTE DCA-CARLOS SEOANE	40	25	18	15	98
4º	KAAN ARCHITECTEN B.V.	36	25	19	15	95
5º	UTE SNOHETTA OSLO- ALFONSO PENELA	36,8	25	20	13	94,8
6º	UTE FRADE LAMELA	31	25	20	15	91
7º	UTE UTE BIG-NAOS- PROSKENE	39	13	20	12	84
8º	UTE CESAR PORTELA-CELSO LÓPEZ-JORGE SALGADO- MAGDALENA PORT	24,50	24,4	20	15	83,9
9º	UTE CRUZ Y ORTIZ-ULARGUI	34	22,5	20	4	80,5
10º	GARCÉS- DE SETA-BONET ARQUITECTES	26	22,9	18,9	7	74,8
11º	TUÑON Y ALBORNOZ ARQUITECTOS S.L.P.	40	9,5	18	7	74,5
12º	UTE MANGADO-BLASCO- QUINTÁNS	16	22,6	19,5	15	73,1
13º	ESTUDIO BAROZZI VEIGA, S.L.P.	28	15	10	11,5	64,5
14º	UTE PAREDES PEDROSA- ABALO-ALONSO	16,5	12,5	20	15	64
15º	UTE SANTA CLARA CRBG	6	25	19,5	8,5	59
16º	UTE CREUSECARRASCO- SERGISON BATES	19,67	16	9,5	12,5	57,67
17º	UTE GVG-BARDAJÍ	14,8	16	18,9	6	55,7



Asemade, resultan excluídos os seguintes candidatos, por non alcanzar a puntuación mínima de 51 puntos esixida para a fase 1 do concurso na cláusula 12 das referidas bases:

Orde	Candidatos excluídos	Criterio 1	Criterio 2	Criterio 3	Criterio 4	Puntuación
18º	ARANGUREN GALLEGOS ARQUITECTOS S.L.P.	25	21	2	2,5	50,5
19º	J. M. CARVALHO ARAÚJO, ARQUITECTURA E DESIGN, SA	13	8,5	12	14,5	48
20º	UTE AMANDA LEVETE ARCHITECTS- AYBAR MATEOS SLP	19	14,5	0	7,5	41
21º	UTE LINAZASORO-SÁNCHEZ-GRIJALBA	4,67	15,7	20	0	40,37
22º	DE LA PUERTA CAMPO ARQUITECTOS ASOCIADOS, S.L.P.	6	8	13	0	27
23º	ARQUITECTURA ENGUITA & LASSO DE LA VEGA SLP	0	11,67	8,5	3,33	23,5

2.- Seleccionar, de conformidade coa cláusula 12 das bases administrativas, aos cinco candidatos para participar na segunda fase, de propostas de proxectos, do *Concurso de proxectos, a nivel de anteprojecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*, que resultan os seguintes:

- NIETO SOBEJANO ARQUITECTOS SLP
- KENGO KUMA & ASSOCIATES
- UTE DCA-CARLOS SEOANE
- KAAAN ARCHITECTEN B.V.
- UTE SNOHETTA OSLO-ALFONSO PENELA

3.- Invitar aos cinco candidatos seleccionados para que, nun prazo que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 3 meses, contados a partir da data do envío da notificación do presente acordo, presenten, baixo lema e anonimato, as súas propostas de proxecto na forma e lugar establecidos na cláusula 13 das bases administrativas reguladoras do concurso (fase 2).

Xunto coa notificación, aos cinco candidatos seleccionados facilitaráselles, de conformidade coa cláusula 9.3 das bases administrativas, un enlace electrónico para acceder ao documento base e a documentación técnica complementaria necesarios para a elaboración das propostas.

No caso de que algún dos equipos finalistas renunciase a participar nesta segunda fase, a Deputación de Pontevedra se reserva a potestade de convidar ao seguinte ou os seguintes clasificados, respectando en todo caso a orde de puntuación.



4.- Nomear ao Xurado que intervirá na segunda fase do concurso de proxectos, relativa á presentación e valoración das propostas de proxecto, conforme ao establecido na cláusula 7 das súas bases administrativas, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:	O director do museo de Pontevedra <i>Jose Manuel Rey García</i>
Vogais:	A xefa de Xestión do Museo de Pontevedra <i>Sonia Mateos Escudero</i>
	O secretario xeral da Deputación de Pontevedra <i>Carlos Cuadrado Romay</i>
	A xefa do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra <i>M. Carmen Gómez Manzano</i>
	Unha arquitecta do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra <i>Sara Piñón Esteban</i>
	Un/a arquitecto/a designado/a pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia . <i>Belén Suarez Masso</i>
	Un/a arquitecto/a do Concello de Pontevedra <i>Rosa Magdalena Fernández</i>
	Un/a arquitecto/a designado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia <i>Jesús Irisarri Castro</i>
	Dous/dúas arquitectos/as de recoñecido prestixio designado pola Deputación de Pontevedra. <i>M<sup>a</sup>. Teresa Táboas Veleiro</i> <i>Gonçalo Byrne</i>
	Un/ha persoa con formación específica acreditada en museoloxía designada pola Deputación de Pontevedra <i>Pilar Fatás Monforte</i>
Secretario	O xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio <i>Pablo Montero Carrera</i>

A identidade dos membros que o compoñen será publicada no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, aos efectos de poder emendar posibles incompatibilidades.

30.32288.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DE COCIÑA E COMEDOR DO PROGRAMA DEPOAVENTURA 2023”.  
(Expte.2022070076)

Segundo o artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, son competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establece o artigo 109.1.d, da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia.



A Deputación de Pontevedra a través do servizo de cohesión social e xuventude, leva a cabo a promoción e organización de actividades destinadas á xuventude no ámbito da educación non formal, a inserción socio laboral, a formación en linguas estranxeiras, o deporte, a cultura, o ocio e tempo de lecer entre outras.

O programa Depoaventura, ofrece a posibilidade de que 1.540 nenos e nenas empreguen o seu tempo libre no verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que contribúan ao seu enriquecemento persoal e lles faciliten coñecer outros lugares fóra da súa contorna habitual.

En base ao anterior, a Deputación acorda poñer en marcha os campamentos de verán DEPO AVENTURA A LANZADA 2023, dirixidos a nenas e nenos da provincia de Pontevedra.

As instalacións de A Lanzada, contan con cociña equipada, comedor interior e exterior, con vestiarios e aseos, pero non contamos cós medios necesarios (persoal de cociña comedor e limpeza, para elaborar os menús diarios en cada quenda, levar a cabo a xestión da despensa e a compra de alimentos así como a limpeza de todas as zonas indicadas, polo que é preciso contratar a unha empresa especializada que leve a cabo dito servizo.

A vista de todo o exposto a Deputada Delegada de Turismo e Xuventude dicta providencia de inicio de expediente para a contratación do servizo de restauración, limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023.

Xunto coa providencia de inicio remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Tendo en conta que, con data 07/02/2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo, e que o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 04/01/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral, de data 23/01/2023 polo que se informa favorablemente o expediente.

Visto que con data 24/01/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 07/02/2023.



Visto que con data 07/02/2023, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202300023211 polo importe de 157.148,15 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.3370.227.99 (vinculación xurídica) do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do “Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023”.
- 2.- Autorizar o gasto por importe de 157.148,15€ con cargo a aplicación orzamentaria 23/231.3370.227.99 (vinculación xurídica) do vixente orzamento provincial.
- 3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) 7B2FGRGTMQPUCM2J e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV) 94WCOIPH3USEELBV.





4.- Nomear responsable do contrato a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 150 días naturais, desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra.

31.32289.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE CREATIVIDADE E LANZAMENTO DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS”. (Expte. 2021038283)

Na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas* á empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 05 de abril de 2022 e o prazo de duración é de un ano a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración.

Con data 01 de febreiro de 2023 a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 1 ano, con efectos desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 01 de febreiro de 2023 (data de comparecencia: 01/02/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 08 de febreiro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202300024033, polo importe de 62.024,60 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 23/433.4320.227.75, e documento de retención



de crédito para exercicios futuros con número de operación 202300024035, polo importe de 75.358,80 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.227.75 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023 e 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 10 de febreiro do 2023 (CSV: C0BW1CYHIYOW4JX1), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga deste contrato por 1 ano, desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 05 de abril do 2023.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato do “Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas” subscrito por sucesión coa empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (B27786045), durante o período desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (137.383,40 €) é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2023	433.4320.227.75 (vinculación)	62.024,60 €
2024	433.4320.227.75	75.358,80 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.



32.32290.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DO CASTELO DE SOBROSO (Expte. 2021036804)

Na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *servizo de xestión do Castelo de Sobroso* á empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954), polos prezos e valores ofertados conforme ao seguinte detalle:

Prezo:

Prezo sen IVE:	109.800,00 €
IVE (21%):	23.058,00 €
Prezo total:	132.858,00 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 04 de abril de 2022 e o prazo de duración é de un ano a contar desde o día seguinte á data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas.

Con data 01 de febreiro de 2023 a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 1 ano, con efectos desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 01 de febreiro de 2023 (data de comparecencia: 01/02/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 08 de febreiro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202300024038, polo importe de 98.167,30 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 23/433.3363.227.99, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202300024040, polo importe de 34.690,70 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.3363.227.99 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023 e 2024.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 10 de febreiro do 2023 (CSV: EK8HMI9S8BUT4HF8), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga deste contrato por 1 ano, desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 05 de abril do 2023.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato do “Servizo de xestión do Castelo de Sobroso” suscrito coa empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B94054954), durante o período desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (132.858,00 €) é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2023	433.3363.227.99 (vinculación)	98.167,30 €
2024	433.3363.227.99	34.690,70 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

33.32291.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO 1/2022 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2023004479)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/04/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.



Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 1 - ZONA NORTE, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,130%.

Resultando.- Que para facer fronte á adxudicación deste acordo marco, EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., constituíu na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 24.975,19 €, segundo queda acreditado en carta de pago con número de operación 202200175202.

Resultado.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos baseados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propúxose a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato baseado Lote 1/2022 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 665.125,49 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): Y6TCGA1W9KHO54FE.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato baseado Lote 1/2022 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 665.125,49 € con número de operación 202300003019, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.621.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 1702/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente...*”



Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizarase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. o Lote 1 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado Lote1 AM seguridade e saúde do Contrato baseado Lote 1/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, por un importe estimado de 4.758,30 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 13/02/2023 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto cód. nº 2021053554/1, existe crédito retido para facer fronte a este gasto.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestión relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do contrato baseado Lote 1/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): Y6TCGA1W9KHO54FE.
2. Autorizar o gasto por importe de 665.125,49 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto cód. nº 2021053554/1.
3. Adxudicar o Contrato baseado Lote 1/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" á empresa *EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.*, (CIF B15410608) por importe de 665.125,49 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	549.690,49 €
IVE (21 %)	115.435,00 €
Importe total.....	665.125,49 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023004479.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



4. Requirir á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 2.509,33 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.
6. Adxudicar á empresa *TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (A28171288)* o Contrato derivado Lote1 AM seguridade e saúde do Contrato baseado Lote 1/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" (Expte 2023008063), por importe de 4.758,30 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.932,48 €
IVE (21 %)	825,82 €
Importe total.....	4.758,30 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](http://sede.depo.es)), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023008063

34.32292.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO 2/2022 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2023004480)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/04/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra".





Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 2 - ZONA CENTRO, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., (CIF U72478480) a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 7,970%.

Resultando.- Que para facer fronte á adxudicación deste acordo marco, UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L, constituíu na Tesouraría da Deputación, garantía definitiva por importe de 28.074,04 €

Resultando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos baseados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato baseado Lote 2/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 738.228,55 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): WBYGQ5ES7FB1YI0P.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato baseado Lote 2/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 738.228,55 € con número de operación 202300005146, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.621.01.2022 do vixente orzamento provincial.

*Resultando.- Que con data 17/02/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”*



Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizarase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. o Lote 2 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote2 AM seguridade e saúde do Contrato baseado Lote 2/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, por un importe estimado de 3.811,50 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 13/02/2023 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto cód. nº 2021053554/2, existe crédito retido para facer fronte a este gasto.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestións relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do contrato baseado Lote 2/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): WBYGQ5ES7FB1YI0P).
2. Autorizar o gasto por importe de 738.228,55 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto cód. nº 2021053554/2.
3. Adxudicar o Contrato baseado Lote 2/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" á UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., (CIF U72478480) por importe de 738.228,55 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	610.106,24 €
IVE (21 %)	128.122,31 €
Importe total.....	738.228,55 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023004480.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



4. Requirir á UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 2.431,27 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.
6. Adxudicar á empresa *INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS SL*, o Contrato derivado Lote 2 do AM de seguridade e saúde no Contrato baseado Lote 2/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte 2023008169 ), por importe de 3.811,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.150,00 €
IVE (21 %)	661,50 €
Importe total.....	3.811,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023008169

35.32293.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO 3/2022 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2023004488)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/04/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.



Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 3 - ZONA SUR, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 8,100%.

Resultando.- Que para facer fronte a este contrato CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 22.632,29 €

Resultando.-Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos baseados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato baseado Lote 3/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 595.972,96 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): HAMFU5Y1MCOQFA0U.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato baseado Lote 3/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 595.972,96 € con número de operación 202300006955, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.621.01.2022 do vixente orzamento provincial..

Resultando.- Que con data 17/02/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”



Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizarase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. para a adxudicación Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde do Contrato baseado Lote 3/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, por un importe estimado de 4.404,50 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 13/02/2023 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto cód. nº 2021053554/3, existe crédito retido para facer fronte a este gasto.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestión relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do contrato baseado Lote 3/2022 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): HAMFU5Y1MCOQFA0U.
2. Autorizar o gasto por importe de 595.972,96 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto cód. nº 2021053554/3.
3. Adxudicar o Contrato baseado Lote 3/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 595.972,96 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	492.541,72 €
IVE (21 %).....	103.433.32 €
Importe total.....	595.972,96 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H;  
Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable:  
LA0006135; número de expediente: 2023004488.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 1.994,69 €.



5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Maria Elena Pérez Alonso.
6. Adxudicar á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L. (CIF , A82876905)*, o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde do Contrato baseado Lote 3/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Expte 2023008183), por importe de 4.404,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.640,08 €
IVE (21 %).....	764.42 €
Importe total.....	4.404,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023008183

36.32294.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE UTE EDUCATIC GAP - G12 GRUPO EMPRESARIAL, PARA RESPONDER DO LOTE 11 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO <LABORA 2020” (2ª CONVOCATORIA)” (Expte. 2020031675) – (DEVOGARAN 2022033580)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª convocatoria) de axudas do FSE destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables” (Núm. Expte. 2020031675).





Para responder da realización do lote 11 que compuxo este subministro, a entidade UTE EDUCATIC GAP PUE, S.L. (B-36897239) – G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (B-36993509), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Data
UTE EDUCATIC GAP PUE, S.L. (B-36897239) – G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (B-36993509)	11	8.200,20€	202100019559	04/02/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal informa que, unha vez analizada a documentación do expediente, procede a devolución da mesma ao cumprir a empresa coa execución do respectivo contrato de servizos.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UTE EDUCATIC GAP PUE, S.L. (B-36897239) – G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (B-36993509), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 11 do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto "Labora 2020" <2ª convocatoria>*” (Expte. Núm. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil UTE EDUCATIC GAP PUE, S.L. (B-36897239) – G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (B-36993509), por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SANTANDER*, por importe de oito mil douscentos euros con vinte céntimos (8.200,20 €), para responder, do “*Lote 11*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100019559.



37.32295.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L., PARA RESPONDER DOS LOTES 13 E 18 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO <LABORA 2020” (2ª CONVOCATORIA)” (Expte. 2020031675) – (Devogaran 2022033582)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “Servizo de formación no marco do proxecto LABORA 2020 (2ª convocatoria) de axudas do FSE destinadas a entidades locais para a inserción das persoas mais vulnerables” (Núm. Expte. 2020031675).

Para responder da realización do lote 11 que compuxo este subministro, a entidade PIXFOR.- PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L. (B-94051513), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Data
PIXFOR, PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L. (B-94051513)	18	1.518,80€	202100018827	02/02/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal informa que, unha vez analizada a documentación do expediente, procede a devolución da mesma ao cumprir a empresa coa execución do respectivo contrato de servizos.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil PIXFOR, PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L. (B-94051513), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 18 do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto "Labora 2020" <2ª convocatoria>*” (Expte. Núm. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil PIXFOR.- PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN, XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN, S.L. (B-94051513), por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de mil cincocentos dezaioito euros con oitenta céntimos (1.518,80 €), para responder, do “*Lote 18*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 02/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100018827.

38.32296.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, PARA RESPONDER DO LOTE 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SEGURO TODO RISCO DANOS MATERIAIS DA DEPUTACIÓN MODIFICACIÓN CONTRATO 1997 E SEGURO TODO RISCO DANOS MATERIAIS DA DEPUTACIÓN EN 2011” (Expte. ANO 2011) (Devogaran 2022033501)

Por Resolución Presidencial, de data 16 de novembro de 2011, requiriuse ás empresas licitadoras dos diferentes lotes do expediente de “Servizo de conxunto de seguros da deputación e dos seus organismos autónomos”, a presentación da documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer dos medios comprometidos a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de constituír a garantía definitiva polos importes correspondentes.

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2012 (Núm. Rex.- 002137, de data 27/02/2012), aprobouse a “Modificación do contrato do seguro de todo risco de danos materiais para a incorporación do edificio da Ruínas de San Domingos, entre os inmobles asegurados”, para o que a empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, presentou unha garantía complementaria.



Para responder da realización do lote 2 que compuxo este servizo, a entidade HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-41003864), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación e unha fianza complementaria, polo seguintes importes:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Data
HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (B41003864)	2	2.863,46€	201100099909	23/11/2011
		32,50 €	201200018865	09/03/2012

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución das mesmas ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA DE SEGUROS Y REASEGUROS (B-41003864), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 2 do contrato de “*Servizo de conxunto de seguros da deputación e dos seus organismos autónomos*” (*Expte. Ano 2011*), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-41003864)*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO POPULAR*, por importe de dous mil oitocentos sesenta e tres euros con corenta e seis céntimos (2.863,46 €), para responder, do “*Lote 2*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/11/2011, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201100099909



- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BANCO POPULAR, por importe de trinta e dous euros con cincuenta céntimos (32,50 €), para responder, do “Complementaria do lote 2”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/03/2012, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201200018865.

39.32297.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RADIO PONTEVEDRA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “CONTRATACIÓN DE RADIO PONTEVEDRA, S.A., PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2022”. (Expte. 2021056598)- (Devogaran 2023003270)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de xaneiro de 2021 (CSV.- T54G3A6SOX56U9Y1), adxudicouse o contrato relativo a “Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2022” (Núm. Exp. 2021056598).

Para responder da realización deste contrato, a empresa RADIO PONTEVEDRA, S.A. (CIF.- A-36005346), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 5.165,29€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100246170, de data 24/12/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa RADIO PONTEVEDRA, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2022” (Núm. Expte. 2021056594), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 5.165,29€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/12/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100246170.

40.32298.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RADIO VIGO, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “CONTRATACIÓN DE RADIO VIGO, S.A., PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2022”. (Expte. 2021057003) (Devogaran 2023001843)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de xaneiro de 2021 (CSV.- RNAQLVHJDBXHFQG9), adjudicouse o contrato relativo a “Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A., de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2022” (Núm. Exp. 2021057003).

Para responder da realización deste contrato, a empresa RADIO VIGO, S.A. (CIF.- A-36612414), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 5.165,29€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100246048, de data 23/12/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa RADIO VIGO, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A., de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2022” (*Núm. Expte. 2021057003*), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 5.165,29€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/12/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100246048.

#### 41.32299.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023008526, que contén 4 facturas e por un importe de 2.262,71€, e con CSV: XBWKGZD39KKMTHPG, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 09/02/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	2.262,71 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	2.262,71 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



b) Vista a relación de facturas con número 2023008586, que contén 3 facturas e por un importe de 5.243,70 € e con CSV: 7TVIAJOKVLVVB06, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 09/02/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	4.767,48 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	476,22 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	5.243,70 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

#### 42.32300.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2023008523, que contén 2 facturas e por un importe de 4.803,70 € e con CSV: YI5T4ZUUIH17TM6J, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 09/02/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	4.803,70 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	4.803,70 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*





43.32301.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27/01/2023 (ACORDO 23.32163), DE “CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE GONDOMAR, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3)”. (Expte. 2023004341)

En relación á solicitude de modificación do acordo de concesión dunha subvención ó Concello de Gondomar, con CIF núm. P3602100D, correspondente á liña 3 (Activación do emprego), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3), emito o seguinte informe:

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAIS, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 2) Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 27 de xaneiro de 2023, punto núm. 23.32163, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) Terceiro.- No caso do Concello de Gondomar, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE GONDOMAR				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>6 peóns servizos varios, 1 auxiliar administrativo/a e 3 condutores a xornada completa durante 9 meses; 2 auxiliares de policía local a xornada completa durante 6 meses e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 4 meses</i>	207.491,68 €	0,00 €	207.491,68 €



- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. 2023006486do 06/02/2023 solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste do número de contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida, debido a que non se van a formalizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente, concretamente os 2 auxiliares de policía local, con cargo a esta subvención.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



### CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda debido a que non se van a formalizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente, concretamente os 2 auxiliares de policía local, o interesado solicita modificar o número das contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE GONDOMAR				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
11	<i>6 peóns servizos varios, 1 auxiliar administrativo/a e 3 condutores a xornada completa durante 9 meses; e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 4 meses</i>	185.417,45 €	0,00 €	185.417,45 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. O importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 27 de xaneiro de 2023, punto núm. 23.32163, no referente á axuda concedida ó Concello de Gondomar, CIF núm. P3602100D, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	11	<i>6 peóns servizos varios, 1 auxiliar administrativo/a e 3 condutores a xornada completa durante 9 meses; e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 4 meses</i>	185.417,45 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



## RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 7KMNZODAX7A46U90) e do informe de Intervención (CSV: 7S4A5TLDUL595V6Z), a Xunta de acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 27 de xaneiro de 2023, punto núm. 23.32163, no referente á axuda concedida ó Concello de Gondomar, CIF núm. P3602100D, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	11	<i>6 peóns servizos varios, 1 auxiliar administrativo/a e 3 condutores a xornada completa durante 9 meses; e 1 técnico/a en turismo a xornada completa durante 4 meses</i>	185.417,45 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo do anticipo correspondente conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

O importe sobrante non aplicado á Liña 3 tras esta modificación, poderá destinarse á Liña 1 nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude, xunto a restante documentación pertinente, unha vez notificado o acordo de modificación da concesión.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



44.32302.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24/01/23 (ACORDO 7.32486), DE “APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS FEDERADAS DE ÁMBITO ESTATAL PARA O ANO 2023”. (Expte. 2022069457)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2023, e unha vez publicadas no BOPPO nº 24, de 03 de febreiro de 2023, advírtese os seguintes erros, polo que, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade modificar dito acordo no senso onde di:

1. Na base 4ª. Competicións de ámbito estatal:

Modalidade deportiva	Competicións oficiais de ámbito estatal
Atletismo	- Campionato de España de clubs división de honor homes/mulleres

2. Na base 6ª. Procedemento de concesión:

Modalidade deportiva	Competicións oficiais de ámbito estatal
Atletismo	Campionato de clubs división de honor homes/mulleres....14.000,00 €
Fútbol	1ª división nacional feminina.....35.000,00 €
	3.ª división RFEF/ 1º Nacional feminina + DHX.....20.000,00 €
	3.ª división RFEF/ 1º Nacional feminina.....18.000,00 €
	División de honra xuvenil (DHX).....8.000,00 €

Debe dicir:

1. Na base 4ª. Competicións de ámbito estatal:

Modalidade deportiva	Competicións oficiais de ámbito estatal
Atletismo	- Campionato de España de clubs primeira división homes/mulleres

2. Na base 6ª. Procedemento de concesión:

Modalidade deportiva	Competicións oficiais de ámbito estatal
Atletismo	Campionato de clubs primeira división homes/mulleres.....14.000,00 €
Fútbol	2º RFEF feminina .....35.000,00 €
	3.ª división RFEF/ 1º Nacional feminina + DHX.....20.000,00 €
	3.ª división RFEF/ 1º Nacional feminina.....18.000,00 €
	División de honra xuvenil (DHX).....8.000,00 €



45.32303.- MODIFICACIÓN DO ADOPTADO EN XUNTA DE GOBERNO 24/01/03 (ACORDO 8.32487) DE “APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN PE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023”. (Expte. 2023001814)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023, e unha vez publicadas no BOPPO nº 29, de 10 de febreiro de 2023, advírtese erro na base 16ª, polo que, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade modificar dito acordo no senso onde di:

*Décimo sexta. Procedemento de xustificación e pago*

*O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 28 de febreiro de 2023.*

Debe dicir:

*Décimo sexta. Procedemento de xustificación e pago*

*O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 28 de febreiro de 2024.*

46.32304.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NO CONCELLO DO ROSAL: FORNELOS, MORÁN, PANCENTEIO E PÍAS”. (Expte.2023002412)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 12/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de O Rosal na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 100.088,65 euros, con destino ao financiamento “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NO CONCELLO DO ROSAL: FORNELOS, MORÁN, PANCENTE E PÍAS”, cun orzamento por importe de 100.088,65 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	100.088,65	100.088,65	0,00	0,00
TOTAL	100.088,65	100.088,65	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe de 3.146,00 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Deputación Provincial de Pontevedra, estradas da Xunta (afección PO-354), Patrimonio Cultural e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Consta no expediente autorización da Deputación Provincial de Pontevedra e Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Patrimonio Cultural); estando pendente de concesión, no momento de presentar a solicitude de subvención, as autorización de Estradas da Xunta (AXI) e da Confederación Hidrográfica Miño\_Sil.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á aprobación do documento técnico e acta de trazado previo (anexo III) por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e Confederación Hidrográfica Miño\_Sil; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 20/01/2023.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

##### NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público





- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 20/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 30/01/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Rosal* CIF P3604800G, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 100.088,65 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento de camiños no concello do Rosal: Fornelos, Morán, Pancente e Pías*” (Expediente:2023002412) cun orzamento polo importe de 100.088,65 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	100.088,65	100.088,65	0,00	0,00
TOTAL	100.088,65	100.088,65	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 3.146,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e da Axencia Galega de Infraestruturas, así como, á súa presentación xunto co acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III), sendo imprescindible que os remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de O Rosal deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de O Rosal, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

47.32305.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE E REPOSICIÓN DA CAPA DE RODAXE NO LUGAR DE BRANDOMES (BRANDARIZ); DOTACIÓN DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE DENDE O LUGAR DE FRIEIRA ATA O LUGAR DE OS CAMANCEIROS (CAMANZO)”. (Expte. 2023005089).

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 23/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de VILA DE CRUCES na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 162.669,39 euros, con destino ao financiamento “ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE E REPOSICION DA CAPA DE RODAXE NO LUGAR DE BRANDOMES (BRANDARIZ); DOTACION DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE DENDE O LUGAR DE FRIEIRA ATA O LUGAR DE OS CAMANCEIROS (CAMANZO)”, cun orzamento por importe de 162.669,39 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	162.669,39	162.669,39	0,00	0,00
TOTAL	162.669,39	162.669,39	0,00	0,00

O concello achega declaración de que o importe da subvención financia o 100% do presuposto base de licitación e que non solicita financiamento para os honorarios de redacción de proxecto.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra (achega dita solicitude), precisa a achega de declaración responsable de Augas de Galicia (achega dita declaración), e informe favorable emitido polo Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial de Pontevedra Concellería de Medio Rural (achega solicitude).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 27/01/2023.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA: NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética



- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.





- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 30/01/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vila de Cruces* CIF P3605900D, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 162.669,39 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Abastecemento de auga potable e reposición da capa de rodaxe no lugar de Brandomes (Brandariz); dotación de abastecemento de auga potable dende o lugar de Frieira ata o lugar de Os Camanceiros (Camanzo)*” (Expediente:2023005089) cun orzamento polo importe de 162.669,39 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	162.669,39	162.669,39	0,00	0,00
TOTAL	162.669,39	162.669,39	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais do Servizo de Infraestruturas agrarias da Consellería de Medio rural e do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, sendo imprescindible que as remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de VILA DE CRUCES deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vila de Cruces*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

48.32306.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

49.32307.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

